



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA



SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Nº 65 / 2019

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A Excm. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DOWN DA CORUÑA PARA O USO DAS INSTALACIÓNS DO IES CALVO SOTELO PARA O ALOXAMENTO E ALMORZO DOS ASISTENTES AO V ENCONTRO NACIONAL DE XOVES CON SÍNDROME DE DOWN**

Na Coruña, a 21 de xuño de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte, Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Doutra parte Don Manuel Álvarez Esmoris, presidente da Asociación Down da Coruña.

Ambas partes, na representación que ostentan, recoñecense mutua capacidade para obrigarse e

**EXPOÑEN**

I. Que a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Down da Coruña consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto fomentar a inclusión social e laboral das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

II. Que a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Down da Coruña consideran de mutuo acordo e de gran interese conxunto a estancia na Coruña de 125 persoas con síndrome de Down participantes no V Encontro Nacional de xoves con Síndrome de Down durante o período comprendido entre o 21 e o 23 de xuño de 2019 para a realización de actividades.

III. Que a Deputación provincial da Coruña e a Asociación Síndrome de Down da Coruña están interesados en facer uso das instalacións que a Deputación provincial da Coruña para o aloxamento e almorzo dos participantes.

Que sendo a solicitude formulada para o aloxamento e almorzo no Centro Calvo Sotelo, a Deputación aloxará a 53 participantes no Centro Calvo Sotelo e dará o almorzo no centro Calvo Sotelo a 125 persoas.

IV. Que a Deputación considera de interese provincial a realización desta actividade.

**CLÁUSULAS**

**Primeira.- Obxecto.**

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e a Síndrome de Down da Coruña para a utilización das instalacións do Centro Colexio Calvo Sotelo da Coruña por parte dos participantes deste encontro, coa finalidade de fomentar a inclusión social e laboral das persoas con Síndrome de Down e outras discapacidades intelectuais.

**Segunda.- Actuacións de colaboración.**

1. A Excm. Deputación da Coruña facilitará aloxamento gratuítos a 53 dos participantes e almorzo gratuito a 125 persoas no Centro Calvo Sotelo.

2. A Deputación colaborará coa Asociación Sindorme de Down da Coruña para facilitar o acceso ás instalacións.

### Terceira.- Achegas

3.1.- A Deputación provincial da Coruña aloxará gratuitamente no Centro Calvo Sotelo a 53 dos participantes e proporcionará a almorzo de 125 persoas, dende o día 21 ao 23 de xuño de 2019.

A Asociación Sindorme de Down da Coruña, como petionario, farase responsable de calquera dano ocasionado polo mal uso das instalacións e como consecuencia das actividades obxecto de cesión. Así mesmo a Asociación manifesta que os gastos que se produzan con este motivo serán asumidos pola mesma.

A Asociación Sindrome de Down deberá subscribir un seguro de accidentes e de responsabilidade civil que cubra a todos os participantes das posibles eventualidades que se puidesen producir durante a súa estancia no Centro, debendo presentar a póliza correspondente con anterioridade á entrada.

### 3.2.- ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

A Deputación achega:

a) As instalacións do Centro Calvo Sotelo, concedéndose a autorización para a estancia, que de conformidade coas valoracións realizadas en convenios anteriores e segundo a ordenanza reguladora do prezo público pola utilización do Centro Calvo Sotelo, ascenderá a 2.051,43 euros o gasto, segundo a seguinte desagregación:

Tabla de prezos

Concepto	Prezos
Almorzo	2,50 €/día
Aloxamento	15 €/día
Aula básica	10,15€/día
Teatro	15,25€/día
Sala de xogos	10,15€/día

	Nº de Horas	Personas	21	22	23	OBSERVACIÓNS
<b>Desayunos</b>		125		312,50 €	312,50 €	
<b>Dormitorio</b>		53	405,00 €	405,00 €		27 habitaciones
<b>Total</b>			405,00 €	717,50 €	312,50 €	
<b>IVA (10%)</b>			40,50 €	71,75 €	31,25 €	
<b>Subtotal</b>			<b>1.578,50 €</b>			

	Nº de Horas	21	22	23	OBSERVACIÓNS
<b>Uso de aulas</b>	5		304,50 €		6 Aulas - 5 Horas
<b>Uso de sala de juegos</b>	4		40,60 €		4 Horas
<b>Teatro</b>	3			45,75 €	3 Horas
<b>Total</b>		- €	345,10 €	45,75 €	
<b>IVA (21 %)</b>			72,47 €	9,61 €	
<b>Subtotal</b>			<b>472,93 €</b>		

Alojamiento e manutención	Uso de instalacións	TOTAL
1.578,50 €	<b>472,93 €</b>	<b>2.051,43 €</b>

b) A Asociación Down da Coruña seleccionará aos participantes, e encargarse da realización das actividades.

A Deputación achegará en especie o aloxamento das citadas persoas, almorzo e as aulas, quedando os servizos do seguinte modo:

- a) Aloxamento: as noites dos días 21 e 22 (que inclúe os servizos de lavandería).
- b) Almorzos: un total de dous días, o 22 e 23.
- c) Aulas e teatro: un total de dous días, o 22 e 23.

3.3.- A Asociación Sindrome de Down da Coruña fará constar nas actividades a colaboración da Deputación.

### Cuarta.- Difusión do convenio.

A subscripción do presente convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre as persoas que vaian desenvolver as actividades e a Excm. Deputación provincial da Coruña, de tal modo que non se poderá esixir a esta, ningún tipo de responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.

### Quinta.- Vixencia e modificación.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde o 21 ao 23 de xuño de 2019, amolos dous incluídos.

### Sexta.- Resolución do convenio.

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento das prestacións e obrigacións establecidas nas cláusulas do convenio.
- b) Mutuo acordo das partes.

### Sétima.- Natureza do convenio.

1.O presente convenio ten carácter administrativo rexéndose os seus efectos polo establecido nas cláusulas do mesmo. No non previsto, e co fin de resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse, aplicaráselle os principios recolleitos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

2.A xurisdicción contencioso-administrativa será competente para dirimir, na vía xurisdiccional, as cuestións litixiosas que puidesen xurdir da aplicación do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº 20848 de 14 de xuño de 2019.

Leído o presente convenio, atópano conforme e asínano por cuadruplicado e en unidade de acto, no lugar e data indicados ao comezo.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**O PRESIDENTE DA ASOCIACION SINDROME DE DOWN**

**Asdo. Valentín González Formoso**

**Asdo. Manuel Álvarez Esmoris**

**O SECRETARIO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo. José Luis Almau Supervía**

